

ACORDO CONSTITUTIVO DA COMUNIDADE TERRITORIAL DE COOPERACIÓN DO VAL DO LIMIA

A **VALIMA** -Asociación de municipios do Val do Limia- e a Deputación Provincial de Ourense, representadas polos respectivos Presidentes, e o Presidente da Deputación tamén en representación dos municipios que se relacionan no artigo 3º, segundo os acordos adoptados.

Considerando as afinidades xeográficas, culturais, sociais, económicas e históricas existentes entre a provincia de Ourense e o Val do Limia.

Tendo en conta que a cooperación transfronteiriza é un dos medios máis eficaces con vista á aproximación das poboacións fronteirizas, á supresión das dificultades que implican todas as fronteiras, á promoción do desenvolvemento económico, social e cultural destas rexións.

No espírito do conxunto da obra do Consello de Europa a favor da cooperación transfronteiriza territorial e, especialmente da Convención-Marco Europea sobre a cooperación transfronteiriza das autoridades ou colectividades territoriais, ratificada pola República Portuguesa e polo Reino de España, así coma no espírito do tratado bilateral de 1977 celebrado entre ambos os dous países.

Recoñecendo a importante acción desenvolvida pola Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e a súa contribución á estreita relación entre as dúas rexións nos ámbitos económico, social, educativo, cultural e das administracións públicas e a necesidade de, a nivel local, afondar os lazos de cooperación transfronteiriza entre as autonomías situadas aos dous lados da fronteira,

Acordan:

Artigo 1º

Queda constituída a Comunidade Territorial de Cooperación do Val do Limia, que se rexerá de acordo cos principios enunciados nos artigos seguintes:

Artigo 2º

A Comunidade de Cooperación Territorial ten por obxecto a promoción do desenvolvemento harmonioso e sustentado da rexión transfronteiriza do Val do Limia, a través do establecemento dunha dinámica de concertación rexional, concretada en encontros regulares entre a provincia de Ourense e o Val do Limia, para tratar dominios e asuntos de competencia común, cambiar informacións, coordinar iniciativas e examinar a posibilidade de solucionar problemas comúns por medio de acordos, de proxectos conxuntos, de decisións tendentes a unha solución coordinada, ou de recomendacións e propostas ás autoridades competentes.

O previsto neste acordo constitúe un compromiso mutuo de carácter non normativo e non interfere no reparto de competencias establecido en cada territorio polos dereitos internos portugués e español.

Artigo 3º

A área territorial abarcada pola Comunidade Territorial de Cooperación do Val do Limia engloba, en Portugal, a área correspondente aos concellos de Arcos de Valdéz, Ponte da Barca, Ponte de Lima e Viana do Castelo, e en España, a área correspondente aos concellos de Baltar, Bande, Barbadás, Os Blancos, Calvos de Randín, Cartelle, Celanova, Entrimo, Lobeira, Lobios, A Merca, Muíños, Ourense, Porqueira, Rairiz de Veiga, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Sarreaus, Trasmirás, Vereas, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia.

Artigo 4º

O Consello da Comunidade de Cooperación Territorial asegura a continuidade das actividades de cooperación transfronteiriza, fixa o programa de acción da Comunidade, adopta os acordos, recomendacións e propostas da Comunidade de Cooperación e pode aprobar resolucións regulamentarias, fixando as normas de funcionamento e as súas modificacións.

O Consello da Comunidade de Cooperación Territorial está formado por delegacións oficiais do Val do Limia, que integrará un representante de Valima (Associação de Municípios do Val do Lima), e de cada unha das Cármaras Municipais asociadas, e da provincia de Ourense, que integrará un representante da Deputación Provincial de Ourense e un representante do Concello de Ourense e outros que poidan designarse de acordo co número que se sinala.

Se así se decidise polo Consello, poderán participar nas xuntanzas os coordinadores das Comisións Sectoriais que se creen no seu momento.

Terán asento no Consello da Comunidade Territorial de Cooperación, o Presidente da Comisión de Coordinación da Rexión Norte de Portugal e o Presidente da Xunta de Galicia.

Por invitación do Presidente, poderán participar nas sesións do Consello, con estatuto de invitados oficiais ou observadores, personalidades nacionais e europeas e representantes de organismos hispano-portugueses de cooperación transfronteiriza.

Os axentes económicos, e as institucións locais en xeral, poderán participar nas sesións do Consello, segundo unha fórmula que este definirá despois de consultar aos primeiros.

O Consello reunirase unha vez ao ano, alternativamente en cada país, podendo facelo en sesión extraordinaria por convocatoria do Presidente.

Artigo 5º

O Presidente da Comunidade Territorial de Cooperación, que preside o Consello, ten un mandato de dous anos.

A Presidencia será exercida alternativamente polos presidentes de Valima (Associação de Municipios do Val do Lima) e da Deputación Provincial de Ourense. No caso de impedimento temporal do Presidente, será substituído durante este período polo presidente da outra parte.

O Presidente representa a Comunidade Territorial de Cooperación, prepara a orde do día do Consello, despois de consultar ao Presidente da outra rexión membro, procede a convocatoria das xuntanzas do Consello e de outras que, pola súa importancia así o requiran, e certifica coa súa sinatura a acta das xuntanzas.

Artigo 6º

A Comunidade de Cooperación Territorial poderá crear, por decisión do Consello, comisións sectoriais paritarias, así como, con carácter temporal e excepcional, comisións “ad hoc”, determinando as súas funcións.

A Comunidade de Cooperación Territorial prestará particular atención ao desenvolvemento económico e ao desenvolvemento rural; ás áreas protexidas e ás cuestións de ordenación; á cultura, á educación e á innovación, á agricultura e á gandería.

A composición de cada comisión sectorial será determinada polo acordo que a creou, aínda que os coordinadores xerais poderán introducir as modificacións que resulten aconsellables.

As comisións sectoriais someterán as súas propostas a consideración e a aprobación do Consello.

Artigo 7º

Co fin de asegurar a coordinación xeral e permanente das actividades da Comunidade Territorial de Cooperación, cada un dos presidentes nomeará un coordinador xeral para a cooperación prevista neste acordo.

Ambos os dous coordinadores xerais presidirán conxuntamente o Comité de Coordinación da Comunidade Territorial de Cooperación. Velarán pola coordinación e coherencia dos traballos das comisións sectoriais, polo funcionamento do secretariado e pola continuidade das accións programadas; prepararán os elementos necesarios para a elaboración dos programas de traballo, así como para a determinación das prioridades da Comunidade Territorial de Cooperación. Paralelamente, asegurarán tamén a articulación coa Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal.

O Comité de Coordinación reunirse por decisión do Presidente da Comunidade ou por acordo dos dous coordinadores xerais.

Os coordinadores das comisións sectoriais poderán ser invitados a participar nas xuntanzas do Comité de Coordinación.

Artigo 8º

Cada delegación aportará os gastos que se realicen pola súa participación nas xuntanzas e nas actividades da Comunidade Territorial de Cooperación.

O presuposto da Comunidade Territorial de Cooperación será aprobado polo Consello a proposta do Presidente. As cotizacións das sub-rexións serán equivalentes.

Artigo 9º

O presente acordo poderá ser denunciado por calquera dos contratantes, cun aviso previo de cinco meses.

Viana do Castelo (Portugal), 18 de maio de 1999

O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE

O PRESIDENTE da VALIMA
(Assoc. de municip. do Vale do
Lima)